

20 Febrero de 2012 - Revista 856

Revista Semanal

da Rede Galega de Información Xuvenil



EN PORTADA / 2

NOVAS E ACTIVIDADES / 4

NOVAS FORMACION / 10

BOLSAS E AXUDAS / 12

PREMIOS E CONCURSOS / 14

EMPREGO / 17

NOVAS DAS CASAS DE XUVENTUDE E OMIX / 26

EN PORTADA

Máis de 550 persoas con diversidade funcional participaron en 2011 nos 76 programas de Xuventude de materia afectivo sexual

Martes, 14 Febreiro 2012 11:06



A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, a través do servizo Quérote +, desenvolveu ao longo de 2011 un total de 76 programas en materia afectivo sexual dos que se beneficiaron máis de 550 persoas con diversidade funcional. O responsable da área autonómica, Ovidio Rodeiro, presentou hoxe, Día Europeo da Saúde Sexual, un balance das actuacións levadas a cabo neste ámbito, xunto co presidente de Cogami, Anxo Queiruga, e o de Down Galicia, Delmiro Prieto.

Rodeiro apuntou que a través destas iniciativas se está a ofertar un servizo que facilita a este colectivo unha resposta as súas dúbidas e inquedanzas. Explicou que no caso concreto de Cogami, a Dirección Xeral leva 3 anos consecutivos realizando o programa 'Afectividade e Autocoñecemento' en varios dos

centros que esta entidade ten en Galicia.

A través desta actuación, trabállase de forma grupal aspectos relacionados coa convivencia, a imaxe corporal, a sexualidade e a afectividade. Rodeiro apuntou que este ano incluírase dentro deste programa unha novidade para que os usuarios dispoñan dun espazo individualizado para que, unha vez realizadas as accións formativas, poidan resolver dúbidas ou curiosidades que non se desexan poñer en común no grupo. "Neste espazo de asesoramento garantírase, polo tanto, a confidencialidade", incidiu o director xeral.

Con respecto ás accións que se desenvolven nos centros de Down Galicia, Rodeiro resaltou que a partir deste ano comezará a desenvolver o programa integral 'Vivíndonos na Diversidade', no que se traballará cos mozos e mozas, cos profesionais que os atenden e coas propias familias.

Ademais, colaborárase cos equipos de Down Galicia para elaborar actividades o máis adaptadas aos grupos que xurdan. "Ademais está prevista unha publicación posterior destas actuacións para que poida ser de utilidade para futuros equipos profesionais", subliñou.

"No novo programa recóllense as demandas das propias entidades coa finalidade de facilitar aos equipos profesionais ferramentas para a abordaxe da información e o asesoramento en materia de afectividade e sexualidade", apuntou.

Así mesmo, Ovidio Rodeiro explicou que o servizo Quérote + tamén realiza accións neste ámbito con outras entidades como Feafes, Aspanemi, Aspromor, Aspronaga, Camp, Aspanaes ou a Federación de Asociacións de Xordos de Galicia.

Neste senso, afirmou que o obxectivo para este ano é o de seguir a colaborar con todas estas entidades. "Ampliaremos as liñas de traballo para poder ofrecer programas e talleres que tamén aborden outras cuestións de interese para estes mozos e mozas, como a convivencia e a imaxe corporal", asegurou.

Por último, o director xeral afirmou que "o balance non pode ser máis que positivo, xa que cada ano son máis as entidades que queren

contar co noso apoio para a implementación dun programa deste tipo" e concluíu reiterando que en 2012 seguirase a colaborar con todas aquelas entidades de persoas con diversidade funcional que o demanden para poñer o equipo técnico de Xuventude a súa disposición.

O Circuito da Creatividade de Xuventude regresa a Ourense cunha exposición de artes plásticas e videocreación de 14 mozos e mozas



Mércores, 15 Febreiro 2012 17:01

- O director xeral de Xuventude e Voluntariado, Ovidio Rodeiro, inaugurou hoxe a mostra que estará no Espazo Xove de Ourense ata o próximo 13 de marzo
- A iniciativa trasladarase no mes de abril ata Verín, coincidindo coa inauguración da Oficina Transfronteiriza Galicia-Norte de Portugal para a mocidade
- Esta actuación, que comezou a súa andaina en xuño de 2011, ten por obxecto dar a coñecer por toda Galicia e Portugal as obras dos gañadores do certame galego de creadores novos.

O Circuito da Creatividade da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado regresa a Ourense cunha exposición de artes plásticas e videocreación que se inaugurou hoxe no Espazo Xove da localidade ourensá.

O responsable da área autonómica, Ovidio Rodeiro, presidiu hoxe o acto de apertura da mostra que permanecerá na cidade ata o próximo 13 de marzo. Os autores que expoñen os traballos son un total de 14 mozos e mozas. Posteriormente, no mes de abril, esta iniciativa desprazarase ata Verín, coincidindo coa inauguración da Oficina Transfronteiriza Galicia-Norte Portugal para mozos e mozas.

Rodeiro lembrou que o Circuito da Creatividade comezou a súa andaina en xuño de 2011 coa finalidade de dar a coñecer por toda Galicia e Portugal as obras dos gañadores do certame galego de creadores novos, que organiza a Consellería de Traballo e Benestar. Desde entón, o Circuito da Creatividade xa percorreu, entre outras, as localidades da Coruña, Betanzos, Lalín, Vilagarcía e Tui, e Porto en Portugal.

O director xeral de Xuventude tamén destacou que o prazo de inscrición para anotarse ao programa Estancias Creativas, que está enmarcado dentro do Circuito da Creatividade, rematará a finais deste mes.

Explicou que esta iniciativa está dirixida a mozos e mozas de entre 18 e 35 anos e conta cun total de 150 prazas para que poidan participar en actividades creativas de fin de semana. As estadias teñen lugar no Albergue xuvenil de Gandarío (Bergondo) e no Complexo residencial xuvenil LUG II (Lugo) en oito fins de semana durante os meses de febreiro ata xuño.

En cada fin de semana o número de prazas é de 20, un total de 10 por cada especialidade (menos unha que terá dez prazas): relato breve, poesía, graffiti, banda deseñada, videocreación, webcreación, creación DJ, baile, música, pintura, escultura, teatro, danza e expresión, cartelería e fotografía creativa.

Como remate das estancias, no mes de xuño, está prevista unha creación multidisciplinar por parte de todos os participantes.

As estancias inclúen o aloxamento, a manutención e os materiais básicos para a intervención artística e para a realización do traballo

artístico. Os participantes contan como monitores de apoio a artistas profesionais en cada unha das modalidades. As estadias creativas nas modalidades de relato breve e poesía tiveron lugar do 9 ao 11 de febreiro. Os participantes reflectiron os seus traballos nun marca páxina xigante e levaron a cabo exposicións públicas polas rúas da cidade da Coruña e da localidade de Cambre.

A Escola Galega de Xuventude que coordinará as ensinanzas dos centros de tempo libre estará en marcha a finais de ano



Mércores, 15 Febreiro 2012 17:24

- O director xeral de Xuventude, Ovidio Rodeiro, mantivo hoxe unha xuntanza cos directores das preto de 40 escolas inscritas no Rexistro de Escolas de Tempo Libre de Galicia
- A Lei de Xuventude recolle a posta en marcha deste órgano especializado na educación non formal relacionada coa mocidade
- Rodeiro tamén informou na reunión da fórmula para obter os certificados de profesionalidade no

eido das actividades de tempo libre infantil e xuvenil

- Abordouse a actualización da normativa vixente en materia de xuventude que permitirá simplificar de 6 a 2 meses a tramitación de actividades vinculadas á mocidade

A Escola Galega de Xuventude, un órgano especializado na educación non formal relacionada coa mocidade, porase en marcha a finais deste ano. O director xeral de Xuventude e Voluntariado, Ovidio Rodeiro, explicou hoxe as vantaxes desta iniciativa aos directores das preto de 40 escolas inscritas no Rexistro de Escolas de Tempo Libre de Galicia, nunha xuntanza que mantiveron en Santiago. O director xeral avanzou que a posta en marcha da Escola Galega de Xuventude é unha actuación que vén recollida na Lei Galega de Xuventude que xa aprobou o Consello da Xunta. A escola velará polo nivel técnico das ensinanzas impartidas polas escolas de tempo libre, como centros de formación, perfeccionamento e especialización de mozos e mozas educadores nas actividades e técnicas do tempo libre.

A escola porase en marcha unha vez que se aprobe o decreto que regulará o seu funcionamento, un documento que, segundo destacou Rodeiro, redactarase en colaboración coas entidades xuvenís de tempo libre.

Na reunión, informouse, ademais, da fórmula para obter os certificados de profesionalidade e as cualificacións profesionais no ámbito das actividades de tempo libre infantil e xuvenil e as súas repercusións na actividade das escolas de tempo libre como centros de formación.

Neste senso, técnicos da Dirección Xeral de Formación e Colocación explicaron que o Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais regulará a titulación de monitores e directores de tempo libre. En concreto, estas categorías contarán con certificados de profesionalidade e se incluírán nas modalidades de dinamización de actividades de tempo libre educativo infantil e xuvenil e de dirección e coordinación de actividades de tempo libre educativo infantil e xuvenil.

Rodeiro incidiu en que o regulamento de ambas especialidades suporá a posibilidade dos mozos e mozas ao acceso de certificados de profesionalidade que lles permitirá que a súa titulación teña validez para traballar como monitores e directores a nivel estatal e nun futuro tamén a nivel europeo.

Así mesmo, Rodeiro informou aos directores de escolas de tempo libre das novidades que suporá a actualización e adaptación do decreto 50/2000, do 20 de xaneiro, de xuventude á directiva de servizos da Unión Europea.

O director xeral destacou que implicará unha simplificación de 6 a 2 meses dos procedementos administrativos en materia de xuventude, como a redución da tramitación de actividades vinculadas á mocidade. "Simplificaremos e flexibilizaremos os procedementos para recoñecer as distintas tipoloxías de instalacións e axilizaranse as expedicións dos títulos de monitores e directores de tempo libre".

Por último, Rodeiro explicou que o departamento autonómico está a piques de convocar o Plan de Formación no eido de tempo libre para este ano.

Xuventude oferta preto de 900 prazas no programa 'Aula Xuventur' que inclúe actividades de educación ambiental e creatividade



Domingo, 19 Febreiro 2012 00:00

A Consellería de Traballo e Benestar ofertará este ano máis de 890 prazas para os mozos e mozas que queiran participar no programa 'Aula Xuventur' que inclúe actividades relacionadas coa educación ambiental e a creatividade, combinando a aprendizaxe e o tempo de lecer.

O prazo de inscrición para esta iniciativa abrirase o próximo xoves 23 de febreiro e rematará unha semana antes do inicio de cada quenda. As solicitudes poderán presentarse a través da páxina web www.xuventude.net.

É a segunda vez que se desenvolverá esta iniciativa en Galicia tras o éxito acadado na anterior convocatoria realizada en 2011. A finalidade é facilitar á mocidade galega unha experiencia educativa alternativa e complementaria ao seu aprendizaxe nas escolas.

Desta forma, ofrécese tres módulos de actividades diferenciados en función da temática e das idades dos participantes. 'Vive o mar', 'Multiaventura de cine' e 'Camiño a Durban'.

O primeiro de eles, 'Vive o Mar', está dirixido a mozos de entre 12 e 16 anos que estean cursando primeiro, segundo, terceiro e cuarto curso da ESO. Neste caso ofreceranse coñecementos e aprendizaxes sobre o medio mariño e o seu entorno no albergue xuvenil das Sinas, en Vilanova de Arousa, en sete quendas de dous días entre os meses de marzo e abril.

'Multiaventura de cine' terá lugar no albergue xuvenil LUG 2, en once quendas de tres días, entre os meses de marzo e xuño. Con esta iniciativa o que se pretende é achegar aos participantes o cine como ferramenta de desenvolvemento de habilidades sociais, creatividade e autoconhecimento, complementando todo isto con actividades de deporte activo. Esta actividade vai dirixida a mozos e mozas de entre 14 e 17 anos que estean cursando terceiro e cuarto curso da ESO, primeiro de Bacharelato o primeiro ciclo de grao medio.

Por último, 'Camiño a Durban' consistirá na realización durante tres días dun xogo de rol sobre educación ambiental, tendo como fío condutor o cambio climático, co obxecto de favorecer un achegamento ao concepto de educación ambiental e desenvolvemento sostible, sensibilizar da problemática do cambio climático, as súas causas, efectos e medidas paliativas.

Nesta iniciativa poderán participar os mozos e mozas que teñan entre 14 e 17 anos que estean cursando terceiro e cuarto curso da ESO, primeiro de Bacharelato ou primeiro ciclo de grao medio. Terá lugar no albergue xuvenil de Gandarío, en seis quendas de tres días, entre os meses de marzo a maio.

En definitiva, 'Aula Xuventur' quere promover a participación da mocidade galega en actividades e programas poñendo a disposición da mocidade galega a rede de albergues xuvenís de Galicia, cumprindo, desta forma, co obxectivo marcado no Pan de Xuventude 2013.

NOVAS E ACTIVIDADES

Concurso Euroescola 2012



Martes, 14 Febreiro 2012 08:50

Aberto o prazo para inscribirse no concurso Euroescola 2012

A Oficina de información do Parlamento Europeo en España convoca a XVIII edición do concurso Euroescola, un xogo on – line composto por unha serie de probas de coñecementos, habilidades, memoria, velocidade e intelixencia e sobre todo o traballo en grupo.

O prazo de inscrición está aberto ata o 1 de marzo. O concurso está destinado a mozos e mozas, entre 15 e 18 anos, que estuden ensinanza secundaria obrigatoria, bacharelato ou ciclos de formación profesional de grao medio en centros educativos españois.

Para máis información: <http://xuventude.xunta.es/euroescola-2012.html>

Xanela Aberta ao Sur



Martes, 14 Febreiro 2012 11:17

O Xanela Aberta ao Sur é un programa de Educación para o desenvolvemento e Sensibilización de AMARANTE cuxo obxectivo principal é achegar á sociedade galega as realidades do Sur e os procesos organizativos que nelas se producen derribando estereotipos e preconceitos sobre as causas e consecuencias da pobreza. Neste ano farase un especial fincapé na perspectiva da feminización da pobreza e contarán cunha persoa da univesidade especializada neste tema.

Durante os meses de Marzo, Abril e Maio levaranse a cabo catro xornadas formativas que darán paso á posibilidade de viaxar nos meses de Xullo e Agosto e convivir durante catro semanas cunha das organizacións coas que colabora

Amarante:

- Movemento dos Traballadores Rurais sem Terra en Brasil: <http://www.mst.org.br>
- MCCH en Ecuador: <http://www.fundmcch.com.ec>
- Asociación Attawassoul en Marrocos: <http://amarantesetem.org>

As datas das xornadas de formación son:

1ª xornada de formación: 24 de marzo en A Coruña.

2ª xornada formativa: 14 e 15 de abril

3ª xornada específica: 12 de maio

4ª xornada específica: 26 de maio

Avaliación: 15 de setembro

Finalmente, en xuño e setembro viaxarase a Ecuador, Marrocos e Brasil para coñecer o traballo das parceiras nestes países.

Amarante non asume ningún custe senón que son as propias persoas que viaxan as que organizarán en grupo a súa viaxe. Corren pola súa conta os gastos do billete de avión, transporte e estancia no país de acollida e calquera outro gasto derivado da viaxe. Ademais, AMARANTE Setem xestionará un seguro de viaxe que correrá pola conta de cada persoa que viaxe.

Os requisitos para participar son:

- Ser maior de idade.
- Para viaxar é necesario asistir a todas as xornadas formativas.
- Pago da matrícula (20 € os estudantes ou parados e 30 € traballadores).

O prazo de inscrición estará aberto ata o 22 de marzo de 2012

Máis información en: <http://amarantesetem.org/xanela> e nos teléfonos 986 848 159 - 981 584 713.

ESQUÍ EN MANZANEDA



Martes, 14 Febreiro 2012 12:52

PROMOCIÓNS CARNÉ XOVE- ACTIVIDADES NA NEVE

• ESQUÍ EN MANZANEDA

Como titulares do carné xove, podedes beneficiarvos dun desconto na cota e participación neste programa.

INSCRICIÓNS E RESERVAS

Se es titular do carné xove, e es maior de 16 anos, podes inscribirte neste formulario

O prazo de inscrición comeza o día 15 de febreiro ás 9:00 horas.

ADXUDICACIÓNS DAS PRAZAS

As prazas adxudicaranse por rigorosa orde de chegada das solicitudes e asignaranse ata esgotar todas as dispoñibles no programa. Cancelarse a actividade se non hai un número mínimo de participantes. No formulario de solicitude, só se poderá elixir unha quenda. No prazo máximo de 5 días desde o envío da solicitude, recibiredes un correo electrónico no que se vos confirmará, de ser o caso, a adxudicación de praza e o número de conta bancaria para realizar o ingreso. Desde o día no que se vos confirme por correo electrónico a adxudicación de praza, teredes un prazo de 48 horas para enviar ao enderezo electrónico correspondente a seguinte documentación:

- Fotocopia escaneada do xustificante do ingreso da cota de participantes.
 - Fotocopia escaneada do carné xove en vixencia.
 - Fotocopia escaneada do DNI.
 - No caso de participantes menores de idade, deberán presentar na estación de esquí, autorización do pai/nai ou titor/a, para participar na actividade.
- Aviso: a falta de datos, que estes sexan erróneos, enviar mal a documentación ou non enviala ocasionará a baixa automática do programa e as prazas quedarán dispoñibles para as persoas en reserva.

• ESQUÍ EN MANZANEDA

Inverno 2012
Número de persoas: mínimo 15 personas; máximo 100 persoas.
Duración: Fins de semana de febreiro, marzo e abril (ata que se termine a tempada invernal).
Prezo para titulares do Carne Xove: **136,00 Euros**. Incluindo aloxamento en Apartamentos Galicia, pensión alimenticia en Autoservicio, uso da piscina cuberta e climatizada, seguro de accidentes, dúas horas ao día de clases de esquí, material deportivo e remontes.

- Se a climatoloxía non o permitise, as actividades de exterior serían substituídas por talleres de interior, xogos en pavillón ou piscina.
- Polideportivo: É imprescindible o uso de deportivos limpos e secos.
 - Piscina: Obrigatorio o uso de gorro de baño.

Hora	Actividade
Venres	
17:30	Chegada á estación
18:00	Recollida do material
20:30	Cea
Sábado	
9:30	Almorzo
10:30 ata 13:30	Esquí
14:00	Xantar
15:00 ata 17:30	Esquí

18:00 ata 20:00	Piscina Climatizada
20:30	Cea
22:00	Discoteca
Domingo	
9:30	Almorzo
10:30 ata 13:30	Esquí
14:00	Xantar
15:00 ata 17:30	Esquí
18:00	Devolución do material

Para máis información:
Servizo de Xuventude de Lugo
Teléfono de contacto: 982 294 301
D.X. de Xuventude e Voluntariado
Teléfono de contacto: 881 999 194

Descarga o programa: http://xuventude.xunta.es/uploads/docs/InformeSemanal/Programa_Esqui_en_Manzaneda.pdf
Formulario de solicitude: <http://xuventude.xunta.es/esqui-manzaneda.html>

Gaña un par de entradas para o concerto de Leiva o 12 de maio na Coruña contándonos que cres que hai detrás da nosa silueta misteriosa.



Martes, 14 Febreiro 2012 16:14

Unha extraña silueta acaba de aparecer nas nosas redes sociais e na nosa web... tratamos de pasarlle un anti-virus pero é resistente ás tecnoloxías informáticas máis modernas. Ademais, gústalle agocharse. Está acubillado, nalgures nas nosas redes sociais e na nosa web, pero non deixou aínda máis sinais que unha misteriosa silueta...

Que misterioso ser se agocha baixo a silueta? Podes participar no sorteo de varias maneiras:

- Déixanos en Tuenti, Facebook ou Twitter un comentario co que cres que é, e como lle chamarías!
- Envíanos a través das redes sociais a a túa propia montaxe coa silueta... cuberta co que pode conter no seu interior.

Sortearemos entre todos os participantes un lote de dúas entradas para o concerto de Leiva que se celebrará o 12 de maio no Coliseum da Coruña. Só ata o vindeiro venres, moz@s!

Axudádenos a resolver o misterio!

ALPESKI SEMANA SANTA



Xoves, 16 Febreiro 2012 08:25

ALPESKI SEMANA SANTA

6 días de Esquí. 7 noites. SEMANA SANTA EN RISOUL.
Bus desde Coruña e Lugo.

• **RISOUL.** En plenos ALPES Franceses, formulamos unha Semana Santa con Saída o sábado 31 de marzo e volta 8 días despois, o domingo 8 de abril. A viaxe é en BUS, con saídas desde Coruña e Lugo. Está limitada a 40 persoas. 20 horas de viaxe, aproximadamente.

- PROGRAMA DE 6 DÍAS DE ESQUÍ. 7 NOITES DE ALOXAMENTO.

- VERRES, Día 30 Marzo: Saída desde A Coruña as 20.00 horas. Desde Lugo as 21.00 horas. Noite en ruta.

- SÁBADO, Día 31 Abril: Chegada a RISOUL a media tarde. Acomodación en aloxamento.

- DOMINGO-VERRES, Días 1-6 Abril: 6 días de esquí. Forfait para 6 días.

- SÁBADO: Sairemos cedo, sobre as 6.00 da mañá e chegaremos a Galicia sobre as 2.00 da mañá do domingo.

- **INCLÚE:**

Bus desde orixe e durante toda a estancia. 7 noites en APARTAMENTOS DE 4-6 persoas. Roupa de cama e toallas. 6 días de Forfait. Guía acompañante de Sika Viaxes desde Orixes. Seguro de viaxe, accidentes e rescate en pistas. Tasa de "sejour".

<http://www.vars-ski.com/hiver/fr/vars-ski-snowboard.asp>

- **Nota importante:** cada participante depositará nos apartamentos unha fianza de 80 euros (aproximadamente) que se lle devolverá ao final da estancia. O depósito se fará directamente nos propios apartamentos.

- **NON INCLÚE comidas. Nos apartamentos hai cociña.**

- OPCIONAL:

ALUGUER DE MATERIAL DE ESQUÍ: consultar

ALUGUER DE MATERIAL DE SNOWBOARD: consultar

Prezo con cané xove: 395 euros por persoa.

Sen carné xove: 455 euros por persoa.

Inscripcións no mail: alpes.sikaeviaxes@gmail.com

Referencia de actividade: ALPESKI SEMANA SANTA

Mais Información: <http://www.vars-ski.com/hiver/fr/vars-ski-snowboard.asp>

Promocións Carné Xove



Xoves, 16 Febreiro 2012 09:12

ACTIVIDADES NA NEVE

Se es titular do carné xove, podes beneficiarte de descontos en moitas actividades.

Este inverno podes apuntarte ás actividades de neve que se anuncian nesta páxina, dentro do apartado "Promocións Carné Xove" onde se irán publicando os programas de actividades que ofer-

ten descontos aos titulares do carné xove.

Xa está aberto o prazo para a inscrición en liña nos programas:

Findeskí Leitariegos e *Esquí Manzaneda*.

Tamén tes información sobre o programa "**Alpeski Senama Santa**"

As Redes Sociais na Xuventude



Xoves, 16 Febreiro 2012 11:03

A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado dentro do Plan de Formación para a Rede Galega de Información Xuvenil 2012, convoca o **Curso: AS REDES SOCIAIS NA XUVENTUDE.**

- Destinatarios/as:

Persoal da Rede Galega de Información e Documentación Xuvenil. No caso de que queden prazas vacantes, terán preferencia os universitarios e os estudantes das ramas xurídico-social e humanidades.

- Criterios de selección:

Terá preferencia o persoal da Rede galega de información xuvenil e da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado,. Seleccionarase en función da antigüidade na Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, como informador xuvenil ou responsable dos espazos xove Para o resto de solicitudes seleccionaranse por orde de inscrición.

Resérvase un 7% das prazas para persoas cunha discapacidade igual ou superior ao 33%. No caso de non cubrirse as prazas reservadas engadiranse aos outros grupos.

Número de horas: 10

Número de prazas: 12

- Contidos:

Introdución ás redes sociais. Seguridade e privacidade nas nosas comunicacións. Aplicacións para redes sociais a través de internet.

Ferramentas para a creación ou a consolidación de novas relacións. O ser social en internet.

- **Modalidade:** presencial.

- **Lugar de impartición:** Centro Coordinador de Información e Documentación Xuvenil.

- **Datos de realización:** 15 e 16 de marzo de 9.30 a 14.30 h

- **Prazo e lugar de inscrición.** O prazo de presentación de solicitudes rematará o 29 de febreiro as 14.00 h., e realizarase a través da páxina: www.xuventude.net, cumprimentando a ficha de inscrición.

FICHA DE INSCRICIÓN: <http://xuventude.xunta.es/as-redes-sociais-na-xuventude.html>

Análise da Información Xuvenil no Contexto das Políticas da Xuventude



Xoves, 16 Febreiro 2012 11:15

A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado dentro do Plan de Formación para a Rede Galega de Información Xuvenil 2012, convoca o **Curso : ANÁLISE DA INFORMACIÓN XUVENIL NO CONTEXTO DAS POLÍTICAS DA XUVENTUDE.**

- **Obxectivos:**

Analizar a realidade xuvenil en distintos ámbitos e organizar e xestionar servizos de información xuvenil.-

- **Destinatarios/as:** Persoal da Rede Galega de Información e Documentación Xuvenil, universitarios/as e estudantes das ramas xurídico-social e humanidades.

- **Criterios de selección:** Para o persoal da Rede galega de información xuvenil seleccionárase en función da antigüidade como informador xuvenil. Para o resto de solicitudes seleccionáranse por orde de inscrición.

Resérvase un 50% de prazas para o persoal da Rede galega de información xuvenil, e un 7% para persoas cunha discapacidade igual ou superior ao 33%. No caso de non cubrirse as prazas reservadas nalgún dos grupos pasarán aos outros.

Número de horas: 40

Número de prazas: 26

- **Contidos:** Análise da realidade xuvenil en distintos ámbitos. Aplicación de estratexias e contidos das políticas de xuventude. Organización de servizos de información xuvenil. Xestión de servizos de información xuvenil.

- **Modalidade:** semipresencial. As sesións presenciais e examen presencial final terán lugar no Centro Coordinador de Información e Documentación Xuvenil de Galicia.

- **Data de realización do curso:** Do 22 de marzo ao 18 de maio de 2012. A primeira sesión presencial terá lugar o día 22 de 10.00 a 11.30 h.

- **Proba final:** examen presencial o día 18 de maio de 2012 as 10.00 h.

- **Prazo e lugar de inscrición.** O prazo de presentación de solicitudes rematará o 29 de febreiro as 14.00 h., e realizarase a través da páxina: www.xuventude.net, cumprimentando a ficha de inscrición.

FICHA DE INSCRICIÓN: <http://xuventude.xunta.es/analise-da-informacion-xuvenil-no-contexto-das-politicas-da-xuventude.html>

Aplicación de Metodoloxías de Traballo na Información Xuvenil



Xoves, 16 Febreiro 2012 11:22

A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado dentro do Plan de Formación para a Rede Galega de Información Xuvenil 2012, convoca o **Curso : APLICACIÓN DE METODOLOXÍAS DE TRABALLO NA INFORMACIÓN XUVENIL.**

- **Obxectivos:** Aplicar os fundamentos da información xuvenil. Analizar os procedementos aplicables ao proceso de información xuvenil. Saber aplicar os recursos específicos da información xuvenil.

- **Destinatarios/as:** Persoal da Rede Galega de Información e Documentación Xuvenil, universitarios/as e estudantes das ramas xurídico-social e humanidades.

- **Criterios de selección:** Para o persoal da Rede galega de información xuvenil seleccionárase en función da antigüidade como informador xuvenil. Para o resto de solicitudes seleccionáranse por orde de inscrición.

Resérvase un 50% de prazas para o persoal da Rede galega de información xuvenil, e un 7% para persoas cunha discapacidade igual ou superior ao 33%. No caso de non cubrirse as prazas reservadas nalgún dos grupos pasarán aos outros.

Número de horas: 70

Número de prazas: 26

- **Contidos:** Aplicación dos fundamentos da información xuvenil. Análise de procedementos aplicables ao proceso de información xuvenil. Estruturação do proceso de información xuvenil. Aplicación de recursos específicos da información xuvenil.

- **Modalidade:** Semipresencial. As sesións presenciais e examen presencial final terán lugar no Centro Coordinador de Información e Documentación Xuvenil de Galicia.

- **Data de realización do curso:** Do 22 de marzo ao 18 de maio de 2012. A primeira sesión presencial terá lugar o día 22 de 12 a 13 30 h.

- **Proba final:** examen presencial o día 18 de maio de 2012 as 11.00 h.

Prazo e lugar de inscrición. O prazo de presentación de solicitudes rematará o 29 de febreiro as 14.00 h., e realizarase a través da páxina www.xuventude.net, cumprimentando a ficha de inscrición.

FICHA DE INSCRICIÓN: <http://xuventude.xunta.es/aplicacion-de-metodoloxias-de-traballo-na-informacion-xuvenil.html>

KVDA Kenya: Campos de Traballo en Kenya

Xoves, 16 Febreiro 2012 11:46



Kenya Voluntary Development Association (KVDA) é unha organización indíxena e composta de membros que non é política, nin sectaria e sen fins de lucro, que comezou en maio de 1962 como unha Organización de campos de traballo. En 1969, a organización ampliou o seu alcance e diversificou as súas operacións no espectro completo do desenvolvemento co servizo de intercambio internacional de voluntarios como a actividade principal da Asociación.

A Filosofía de KVDA busca promover a educación intercultural, a paz, a comprensión entre humanos e a solidariedade, así como o desenvolvemento sostible da comunidade a través do servizo voluntario.

tario.

Obxectivos estratéxicos

- As comunidades son conscientes das cuestións do desenvolvemento, os recursos mobilizados e responsabilízase do seu propio desenvolvemento.
- Os mozos teñen acceso a unha aprendizaxe práctica, mediante o servizo voluntario.

Traballo

Os voluntarios traballarán 6 horas diarias de luns a venres. Os voluntarios participarán en campañas de concienciación, construción de aulas, fabricación de ladrillos, plantación de árbores, construción de latrinas, ensino e visitas a fogares, entre outras actividades. Recoméndase que os voluntarios traian roupa de traballo, incluíndo luvas, botas, sandalias, chuvasqueiro, paraugas, lanterna, saco de durmir, repelente para os mosquitos, protección soar, calquera cousa que se queira doar, roupa para ocasións especiais, etc. Unha caixa de primeiros auxilios de primeiros auxilios é esencial.

- Outras cousas: Lentes de sol, botella para a auga, instrumentos musicais, comida da zona para compartir durante o campo de traballo, recordos, regalos para amigos ou para o proxecto.

Aloxamento

Os voluntarios aloxaranse en aulas da escola en cuartos separados para os rapaces e as rapazas. Non hai camas e dórmese no chan cada un no seu saco e sobre a súa esteira para experimentar a complexidade dos retos do desenvolvemento nas áreas rurais. Os voluntarios con necesidades especiais, con minusvalidez física, por exemplo, deberán informar diso a KVDA no momento da inscrición para facer todo o posible para aloxalos axeitadamente.

Cota

Os voluntarios que participen neste proxecto terán que pagar unha cota de 300 € polas tres semanas. Esta cota inclúe o traslado dende o aeroporto á chegada e ao aeroporto ao final do campo de traballo, aloxamento e pensión completa o día da reunión de orientación, traslados ao e dende o lugar do proxecto, comida, facilitación, certificado de participación e custos administrativos.

- CLASES DE KISWAHILI {opcional}

Este curso de kiswahili está pensado especialmente para responder ás preferencias dos voluntarios e aberto a persoas desexosas de adquirir un coñecemento básico dunha lingua que é falada pola maioría dos habitantes do Leste de África e que se ensina actualmente nas universidades máis prestixiosas. O curso dura 10 días e ten lugar nun ambiente tranquilo. Os que estean interesados teñen que informar a KVDA polo menos dúas semanas antes da chegada. O custo é de 200 € con todo incluído.

- TOURS EDUCATIVOS. KVDA organiza viaxes educativas a lugares espectaculares de interese e o prezo inclúe todas as comidas, aloxamento e guía turística. Isto levarase a cabo antes ou despois do campo de traballo e aqueles que desexen participar deberán facer a solicitude polo menos dúas semanas antes da chegada para que KVDA poida organizar todo. 10% dos ingresos dos Tours Educativos utilízase para apoiar os proxectos comunitarios

Debido a un aumento no prezo dos parques por parte do Servizo de Vida Silvestre de Kenya, os cargos, con efectos a partir do 1 de xaneiro de 2011, son os seguintes; 3 días viaxe a Masai Mara National Park -350 Euros Un día máis ao Lago Nakuru -150 Euros Parque Nacional de Nairobi (un día)-150 Euros. Bomas de Kenya -100 Euros.

- CAMPOS: Oferta de campos de traballo: http://xuventude.xunta.es/uploads/KVDA.Campos_de_traballo_en_Kenya.pdf

- PROGRAMA: Documento explicativo do programa de actividades: http://xuventude.xunta.es/uploads/PROGRAMA_DE_VOLUNTARIADO_2012_DE_KVDA_PROYECTOS_DE_MEDIO_Y_LARGO_PLAZO.pdf

Máis información en: www.kvda.or.ke

Programación Febreiro-Marzo 2012



Xoves, 16 Febreiro 2012 12:19

Programación das Actividades da Dirección Xeral para Febreiro-Marzo 2012

Descarga o Cartel: http://xuventude.xunta.es/uploads/Cartel_Xuventude_Febrero-Marzo.pdf

A Dirección a exame

Xoves, 16 Febreiro 2012 13:44

A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, en colaboración coa Aso



ciación para o Progreso da Dirección (APD), pon a disposición un total de 10 prazas para os/as mozos/as interesados/as en asistir á xornada “A Dirección a exame. Impacto da calidade directiva en tempos de crise” con Paco Muro, presidente executivo de Otto Walter e autor do libro “El pez que no quiso evolucionar”, que se celebrará en A Coruña e en Vigo o 22 de febreiro de 2012.

A xornada analizará:

- Por que hoxe é máis difícil dirixir persoas?
- Como repercute a calidade de dirección de persoas no resultado?

- Que nota poñen os mandos á alta dirección das súas empresas?
- Cales son as claves do comportamento directivo?

A xornada é gratuita para os/as mozos/as que se inscriban a través da nosa web: www.xuventude.net.

As 10 prazas que se ofrecen se distribuirán:

- 5 prazas para mozos/as na Coruña
- 5 prazas para mozos/mozas en Vigo.

As prazas serán cubertas por rigorosa orde de inscrición ata completalas. Para saber mais podes consultar o folleto informativo que atoparás na nosa páxina Web.

Os participantes terán que reunir algún destes requisitos de titulación (preferentemente en económicas ou empresariais): licenciatura, titulación en grao, estudante de último curso de grao, posgrao, master.

Folleto informativo: <http://www.voluntariadogalego.org/upload/ppr/136-d-Folleto%20informativo.pdf>

Formulario de inscrición: <http://www.voluntariadogalego.org/web/modulo.php?mod=ppr&idc=60#forsux>

Accións formativas dos novos certificados de profesionalidade de nivel 2 e 3



Venres, 17 Febreiro 2012 08:20

A Dirección Xeral de Formación e Colocación convoca probas de avaliación en competencias clave para acceder ás accións formativas dos novos certificados de profesionalidade de nivel 2 e 3 de cualificación dentro da formación profesional para o emprego na Comunidade Autónoma de Galicia.

Convócanse probas nos dous niveis, 2 e 3, nas seguintes competencias clave:

- Comunicación en lingua galega.
- Comunicación en lingua castelá.
- Comunicación en lingua estranxeira (inglés).
- Competencia matemática.
- Competencias en ciencia.
- Competencia en tecnoloxía.

- Competencia dixital.

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o 2 de marzo de 2012.

<http://traballoebenefestar.xunta.es>

Formación e emprego para menores de 30 anos



Luns, 20 Febreiro 2012 08:57

A Consellería de Traballo pon en marcha un programa que combina formación e emprego, e que vai destinado aos mozos e mozas desempregados, menores de 30 anos, e con baixa ou sen cualificación. A través desta iniciativa, prevese beneficiar a unhas 300 persoas que forman parte deste colectivo.

A iniciativa baséase en dúas fases: unha formativa; e outra de emprego.

Na fase formativa, os participantes poderán formarse en especialidades formativas vinculadas a sectores estratéxicos da economía como son: a economía verde (enerxías renovables, preservación medioambiental...); economía da saúde (servizos á terceira idade, atención á dependencia); e economía do coñecemento (TIC, audiovisual e cultura, biotecnoloxía...).

A formación estará vencellada á obtención de certificados de profesionalidade, que terán validez en todo o Estado. Poderán participar nestas formacións aqueles mozos e mozas que non teñan formación académica ou ben que sexan titulados en educación secundaria obrigatoria. Os cursos impartiranse en centros públicos de formación profesional dependentes da Consellería de Traballo e Benestar e de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

A formación chegará a distintas comarcas de Galicia: A Coruña, Barbanza, Ferrol, Santiago, Ourense, Lugo, Pontevedra e Vigo. Entre outras, impartiranse especialidades formativas como: mantemento e montaxe mecánico de equipo industrial; mantemento de instalacións de megafonía, sonorización de locais e circuío cerrado de televisión; montaxe de instalacións solares fotovoltaicas; ou atención sociosanitaria a persoas dependentes.

Serán un total de vinte accións formativas, nas que se incluírá tamén un módulo de igualdade de oportunidades e de prevención de riscos laborais que acreditará ao alumnado que posúe a formación necesaria para a obtención da tarxeta profesional da construción.

Formación práctica

Tras rematar o período de formación, os participantes deberán realizar unha fase de prácticas en centros de traballo, como primeiro achegamento ao mercado de traballo. Este módulo –que durará 6 meses– realizarase en empresas do sector, seleccionadas pola Administración para participar no proxecto.

Durante esta etapa, o alumnado estará vinculado contractualmente coa empresa, con cotización á seguridade social, e as condicións laborais serán as establecidas no convenio colectivo de aplicación. A empresa contará cun incentivo público á contratación temporal,

que ascenderá a 2.500 €. No caso de que estes contratos temporais fosen despois transformados en indefinidos, ao rematar a vixencia do mesmo, a empresa tería dereito a unha axuda complementaria de 2.500 €.

Máis información en: <http://traballo.xunta.es>

NOVAS FORMACIÓN CURSOS DA DXXV

As Redes Sociais na Xuventude



Xoves, 16 Febreiro 2012 11:03

A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado dentro do Plan de Formación para a Rede Galega de Información Xuvenil 2012, convoca o **Curso: AS REDES SOCIAIS NA XUVENTUDE**

- Destinatarios/as:

Persoal da Rede Galega de Información e Documentación Xuvenil. No caso de que queden prazas vacantes, terán preferencia os universitarios e os estudantes das ramas xurídico-social e humanidades.

- Criterios de selección:

Terá prefencia o persoal da Rede galega de información xuvenil e da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado,. Seleccionarase en función da antigüidade na Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, como informador xuvenil ou responsable dos espazos xove Para o resto de solicitudes seleccionaranse por orde de inscrición.

Resérvase un 7% das prazas para persoas cunha discapacidade igual ou superior ao 33%. No caso de non cubrirse as prazas reservadas engadiranse aos outros grupos.

Número de horas: 10

Número de prazas: 12

- Contidos:

Introdución ás redes sociais. Seguridade e privacidade nas nosas comunicacións. Aplicacións para redes sociais a través de internet. Ferramentas para a creación ou a consolidación de novas relacións. O ser social en internet.

- Modalidade: presencial:

- Lugar de impartición:

Centro Coordinador de Información e Documentación Xuvenil.

- Datos de realización: 15 e 16 de marzo de 9.30 a 14.30 h

- Prazo e lugar de inscrición. O prazo de presentación de solicitudes rematará o 29 de febreiro as 14.00 h., e realizarase a través da páxina: www.xuventude.net, cumprimentando a ficha de inscrición.

FICHA DE INSCRICIÓN: <http://xuventude.xunta.es/as-redes-sociais-na-xuventude.html>

Análise da Información Xuvenil no Contexto das Políticas da Xuventude



Xoves, 16 Febreiro 2012 11:15

A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado dentro do Plan de Formación para a Rede Galega de Información Xuvenil 2012, convoca o Curso : ANÁLISE DA INFORMACIÓN XUVENIL NO CONTEXTO DAS POLÍTICAS DA XUVENTUDE

- Obxectivos: Analizar a realidade xuvenil en distintos ámbitos e organizar e xestionar servizos de información xuvenil.

- Destinatarios/as: Persoal da Rede Galega de Información e Documentación Xuvenil, universitarios/ as e estudantes das ramas xurídico-social e humanidades.

- Criterios de selección: Para o persoal da Rede galega de información xuvenil seleccionaranse en función da antigüidade como informador xuvenil. Para o resto de solicitudes seleccionaranse por orde de inscrición.

Resérvase un 50% de prazas para o persoal da Rede galega de información xuvenil, e un 7% para persoas cunha discapacidade igual ou superior ao 33%. No caso de non cubrirse as prazas reservadas nalgún dos grupos pasarán aos outros.

Número de horas: 40

Número de prazas: 26

- Contidos: Análise da realidade xuvenil en distintos ámbitos. Aplicación de estratexias e contidos das políticas de xuventude. Organización de servizos de información xuvenil. Xestión de servizos de información xuvenil.

- Modalidade: semipresencial. As sesións presenciais e examen presencial final terán lugar no Centro Coordinador de Información e Documentación Xuvenil de Galicia.

- Data de realización do curso: Do 22 de marzo ao 18 de maio de 2012. A primeira sesión presencial terá lugar o día 22 de 10.00 a 11.30 h.

- **Proba final:** examen presencial o día 18 de maio de 2012 as 10.00 h.
 - **Prazo e lugar de inscrición.** O prazo de presentación de solicitudes rematará o 29 de febreiro as 14.00 h., e realizarase a través da páxina: www.xuventude.net, cumprimentando a ficha de inscrición.
- FICHA DE INSCRICIÓN: <http://xuventude.xunta.es/analise-da-informacion-xuvenil-no-contexto-das-politicas-da-xuventude.html>

Aplicación de Metodoloxías de Traballo na Información Xuvenil



Xoves, 16 Febreiro 2012 11:22

A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado dentro do Plan de Formación para a Rede Galega de Información Xuvenil 2012, convoca o **Curso : APLICACIÓN DE METODOLOXÍAS DE TRABALLO NA INFORMACIÓN XUvenil.**

- **Obxectivos:** Aplicar os fundamentos da información xuvenil. Analizar os procedementos aplicables ao proceso de información xuvenil. Saber aplicar os recursos específicos da información xuvenil.
- **Destinatarios/as:** Persoal da Rede Galega de Información e Documentación Xuvenil, universitarios/as e estudantes das ramas xurídico-social e humanidades.

- **Criterios de selección:** Para o persoal da Rede galega de información xuvenil seleccionárase en función da antigüidade como informador xuvenil. Para o resto de solicitudes seleccionáranse por orde de inscrición.

Resérvase un 50% de prazas para o persoal da Rede galega de información xuvenil, e un 7% para persoas cunha discapacidade igual ou superior ao 33%. No caso de non cubrirse as prazas reservadas nalgún dos grupos pasarán aos outros.

Número de horas: 70
Número de prazas: 26

- **Contidos:** Aplicación dos fundamentos da información xuvenil. Análise de procedementos aplicables ao proceso de información xuvenil. Estrutura do proceso de información xuvenil. Aplicación de recursos específicos da información xuvenil.

- **Modalidade:** Semipresencial. As sesións presenciais e examen presencial final terán lugar no Centro Coordinador de Información e Documentación Xuvenil de Galicia.

- **Data de realización do curso:** Do 22 de marzo ao 18 de maio de 2012. A primeira sesión presencial terá lugar o día 22 de 12 a 13 30 h. Proba final: examen presencial o día 18 de maio de 2012 as 11.00 h.

- **Prazo e lugar de inscrición.** O prazo de presentación de solicitudes rematará o 29 de febreiro as 14.00 h., e realizarase a través da

páxina: www.xuventude.net, cumprimentando a ficha de inscrición.
FICHA DE INSCRICIÓN: <http://xuventude.xunta.es/aplicacion-de-metodoloxias-de-traballo-na-informacion-xuvenil.html>

NOVAS FORMACIÓN OTUROS CURSOS

105º Curso sobre a Unión Europea



Luns, 20 Febreiro 2012 07:35

O Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación anuncia a celebración do 105.º Curso sobre a Unión Europea.

Contido do curso: Evolución, estrutura, funcionamento, competencias, dinámica interna e externa no ámbito político, xurídico, económico e social da Unión Europea, así como o papel de España nesta.

Celebración: Do 7 de maio ao 12 de xullo de 2012, de luns a xoves e de 17 horas a 20 horas, nos locais da Escola Diplomática (paseo de Juan XXIII, n.º 5, 28040 Madrid).

Requisitos básicos:

- Ser titulado universitario superior.
- Ter bo coñecemento do idioma castelán.

- Ter coñecementos do idioma inglés.

As solicitudes poderán presentarse só en persoa ou por correo postal, ata o 10 de abril de 2012
Máis información no BOE do 20 de febreiro de 2012

NOVAS FORMACIÓN CURSOS DE TEMPO LIBRE

Cursos de Monitor de Tempo Libre

Xoves, 16 Febreiro 2012 15:41

A Escola Galega de Tempo Libre vai impartir tres cursos de monitor de actividades de tempo libre en Riveira, Lalín e Chantada. O curso de Riveira realizarase dende o vindeiro 18 de febreiro ata o 9 de xuño na Casa da Xuventude de Riveira - Avda. de la Constitución s/n.



O curso de Lalín terá lugar do 25/02/2012 ao 28/04/2012 na Casa da Xuventude de Lalín. E o curso de Chantada será do 25/02/2012 ao 10/06/2012 no Telecentro - Ribeira Sacra s/n - Chantada.

Máis información:
Teléfono: 607 935 924 - 981 23 77 29
E-mail: egtl@egtl.es - www.egtl.es

BOLSAS E AXUDAS FORMACION PRACTICA

Bolsa de investigación para estación Fitopatolóxica do Areeiro



Venres, 17 Febreiro 2012 11:30

A Deputación de Pontevedra convoca unha bolsa de investigación para a sección de bioloxía molecular da estación fitopatolóxica do Areeiro

Requisitos:

Estar en posesión do título de Licenciado/a en Ciencias Biolóxicas, Enxeñeiro Técnico Superior de Montes ou Enxeñeiro Técnico Superior Agrónomo ou estar en condicións de obtelo na data na que remate o prazo de presentación de instancias.

Non ter cumpridos os 35 anos de idade na data na que remate o prazo de presentación de solicitudes.

Estas bolsas figuran cunha dotación económica de 1.200 €/mes.

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o 29 de febreiro de 2012.

Máis información no BOP de Pontevedra de 17 de febreiro de 2012 e en: <http://www.efa-dip.org>

Bolsas de investigación da Deputación da Coruña



Luns, 20 Febreiro 2012 08:35

A Deputación da Coruña convoca 18 bolsas de investigación:

- Área de ciencias sociais e xurídicas: 3 bolsas
- Área de ciencias: 4 bolsas
- Área de ciencias da saúde: 4 bolsas
- Área de enxeñería e arquitectura: 2 bolsas

- Área de artes e humanidades: 5 bolsas

- Requisitos:

persoas que tendo a súa residencia na provincia da Coruña, pretendan realizar un traballo de investigación e reúnan os seguintes requisitos:

Posuir titulación universitaria (licenciado, diplomado, grado o equivalente) recoñecida oficialmente.

Acreditar como mínimo un ano de residencia en calquera concello da provincia da coruña, mediante a presentación dun certificado de empadramento.

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o 31 de marzo de 2012.

Máis información no BOP da Coruña do 8 de febreiro de 2012 e en www.dicoruna.es

Bolsas para estudos artísticos.



Luns, 20 Febreiro 2012 08:44

A Deputación da Coruña convoca dezaioito bolsas para o perfeccionamento de estudos artísticos fóra da Comunidade Autónoma de Galicia durante o período 2012-2013, distribuídas nas seguintes áreas:

- Área de artes plásticas: 3 bolsas
- Área de danza: 2 bolsas
- Área de interpretación: 4 bolsas

- Área de música: 6 bolsas

- Área de imaxe: 3 bolsas

Poderán participar nesta convocatoria todas as persoas que residan na provincia da Coruña e que pretendan realizar estudos de perfeccionamento artístico fóra de Galicia, para o que deberán reunir os seguintes requisitos:

Ter nacido a partir do día 1 de xaneiro de 1982 (incluído éste)

Acreditar a residencia en calquera concello da provincia da Coruña.

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o día 31 de marzo de 2012.

Máis información no BOP da Coruña do 8 de febreiro de 2012 e en: www.dicoruna.es

Bolsas para deportistas da provincia da Coruña

Luns, 20 Febreiro 2012 09:08

A Deputación Provincial da Coruña convoca bolsas individuais para deportistas da provincia para o ano 2012.



Establécense dous grupos segundo a idade dos aspirantes a bolsa:

- Grupo A: 14-17 anos cumpridos antes do 31 de decembro do 2012
Concederanse 10 bolsas de 2.000 € cada unha delas.

- Grupo B: 18-21 anos cumpridos antes do 31 de decembro de 2012.
Concederanse 10 bolsas de 3.000 € cada unha delas.

Naquelas especialidades deportivas nas que o máximo rendemento se pode producir en idades temprás (ximnasia artística, natación...) poderase pasar un bolseiro do grupo A ao grupo B, a criterio do tribunal cualificador.

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ate o día 31 de marzo de 2012.
Máis información no BOP da Coruña do 8 de febreiro de 2012 e en: www.dicoruna.es

BOLSAS E AXUDAS OUTRAS

Pagamento único por fillas e fillos menores de tres anos



Mércores, 15 Febreiro 2012 07:45

A Consellería de Traballo e Benestar convoca a concesión da prestación económica de pagamento único por fillas e fillos menores de tres anos para o ano 2012.

Poderán ser beneficiarias desta prestación aquelas persoas que teñan fillos/as menores de tres anos en 1 de xaneiro de 2012 (nados entre o 2-1-2009 e o 1-1-2012, inclusive) e que, durante o ano 2010, nin elas nin ningún membro da unidade familiar estivesen obrigados a presentar a declaración

polo imposto sobre a renda das persoas físicas correspondente a este período, nin a tivesen presentado de xeito voluntario aínda sen estar obrigados a iso.

No caso de fillos/as adoptados/as ou acollidos/as entre o 31 de decembro de 2010 e o 31 de decembro de 2011, a prestación concederáse durante os tres anos posteriores á data da resolución xudicial ou administrativa que a declare.

Requisitos:

- Que os proxenitores teñan a súa residencia habitual en Galicia. No caso de que da documentación presentada se poida deducir que isto non é así poderáselles requirir para que presenten documentación complementaria que o demostre.
- Que na data da solicitude os/as nenos/as convivan coa persoa solicitante.

A prestación consistirá nun pagamento único por cada fillo/a menor de tres anos, sendo a contía da prestación de 360 € por cada un dos/as fillos/as.

O prazo de presentación das solicitudes estará aberto ata o 26 de marzo de 2012
Máis información no DOG do 15 de febreiro de 2012 e en: <http://benestar.xunta.es>

Musiqueando pola provincia de Lugo



Mércores, 15 Febreiro 2012 08:29

A Deputación de Lugo convoca o programa Musiquenado, dirixido as agrupacións de música tradicional na vertente de música de banda, música coral e música tradicional das entidades pertencentes á provincia de Lugo co fin de potenciar as festas de marcado carácter popular que se levan a cabo na provincia de Lugo.

No Programa Musiqueando poderán participar as agrupacións das seguintes categorías, que teñan residencia na provincia de Lugo e que estexan legalmente constituídas:

- Bandas de música
 - Grupos corais
 - Grupos de música tradicional.
- Non poderán participar grupos infantís, cuxos compoñentes sexan menores de 13 anos.

Este Programa vai dirixido tanto aos Concellos coma as entidades sen ánimo de lucro da provincia ue teñan entre as súas finalidades a promoción da cultura, os cales poderán solicitar actuacións para acollerse a este programa.

Os cachés das actuacións serán as seguintes:

Bandas de música: 1000 €
Grupos de música tradicional: 500 €
Corais: 500 €

Os solicitantes (os concellos e as asociacións legalmente constituídas) deberán contribuir ao pago do 20% do custo de cada unha das actuacións solicitadas e concedidas, o que representa 200 € nas actuacións no pago das bandas de música e 100 € no pago das actuacións dos grupos de música tradicional e as corais; o resto do caché, é dicir, o 80% do custo das actuacións correrá a cargo da Deputación de Lugo.

Os solicitantes deberán Utilizar o idioma galego nos carteis anunciadores e en toda a propaganda que se faga do evento.

- **Prazos:** as agrupacións que desexen participar nesta convocatoria deberán presentar a súa solicitude na Deputación de Lugo antes do 16 de marzo de 2012.

Os concellos e asociacións deberán presentar as solicitudes antes do 31 de maio de 2012.
Máis información no BOP de Lugo do 15 de febreiro de 2012

PREMIOS E CONCURSOS

Premios Exército do Aire 2012



Martes, 14 Febreiro 2012 08:15

O Estado Maior do Exército do Aire convoca os premios Exército do Aire 2012

- Modalidades:

- . Festivais Aéreos. Para o mellor festival dos celebrados en España.
- . Pintura. Para as obras que mellor reflictan o espírito aeronáutico.
- . Aula Escolar Aérea. Poderán presentarse Centros de Educación Secundaria Obligatoria situados en territorio nacional con traballos de alumnos que poderán ser tanto individuais coma colectivos.

. Maquetismo. Para as obras que mellor reproduzan o pasado e o presente do Exército do Aire.

A temática, tanto das obras artísticas coma das maquetas e traballos escolares, estará relacionada con calquera dos aspectos do Exército do Aire, as súas unidades e misións, o compoñente humano ou os medios materiais cos que está dotado.

- Premios:

Aula Escolar Aérea: O Premio consistirá nunha viaxe ás Illas Canarias e estanza de cinco días para un máximo de dez alumnos e dous profesores.

Pintura: 1º premio: 7.500 € e Trofeo. 2º premio: 3.000 € e Placa.

Maquetismo: Premio único de 2.000 € e Trofeo

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o 27 de abril de 2012

Máis información en: www.ejercitodelaire.mde.es e no BOE do 14 de febreiro de 2012

XXII Concurso de pintura Bello Piñeiro-Piñeiro Pose

Xoves, 16 Febreiro 2012 10:34

O Concello de Mugardos convoca o XXII Concurso de pintura Bello Piñeiro-Piñeiro Pose, para nados/as e residentes en Galicia.

XXII CONCURSO DE PINTURA BELLO PIÑEIRO 2012.

Os/as concursantes terán como mínimo 18 anos de idade, e poderán concursar cun máximo dunha obra, única e orixinal, que se axust



ará ás seguintes normas:

Tema: Paisaxe galega

Técnica: libre

Tamaño: 150 x 150 cm.

Os cadros poderán estar enmarcados, como mínimo deberán estar protexidos cun listón e acondicionados para a súa exposición.

O prazo de admisión de obras será do 11 ao 26 de xuño, ambos inclusive, no seguinte horario:

- De luns a venres de 9.00 a 14.00 horas

- Sábados de 9.00 a 13.00 horas

As obras presentadas deberán vir asinadas co nome do autor e na parte de atrás en sobre pechado figuraran os seguintes datos: fotocopia do documento de identidade ou do libro de familia, o nome completo do autor/a, o enderezo, o número de teléfono, data de execución e título do cadro.

Habera un unico premio de 1.800 € e dous accesit, que recibiran premio non metálico.

Habera unha mención, que non contará con dotación económica, ao mellor autor/a local.

XXII CONCURSO DE PINTURA PIÑEIRO POSE 2012

Poderan participar todas aquelas persoas que o desexen que teñan un máximo de 17 anos de idade e sexan naturais ou residentes en Galicia. Admítese un máximo dunha obra, única e orixinal, por concursante que se axustará ás seguintes normas:

Tema: Paisaxe galega

Técnica: Libre

Tamaño máximo: 150 x 150 cm.

Os obras poderán estar enmarcadas, como mínimo deberán estar protexidas cun listón e acondicionadas para a súa exposición.

O prazo de admisión de obras será do 11 ao 26 de xuño, ambos inclusive, no seguinte horario:

- De luns a venres de 9.00 a 14.00 horas

- Sábados de 9.00 a 13.00 horas

As obras presentadas non deberán vir asinadas (no caso de ser premiadas deberán asinarse o día da entrega de premios); acompañaranse dun sobre pechado na parte de atrás no que figuren os seguintes datos: fotocopia do documento de identidade ou do libro de familia, o nome completo do autor/a, o enderezo, o número de teléfono, data de execución e título do cadro.

Estabelécense dúas categorías cos seus respectivos premios:

de 0 a 12 anos:

- 1º premio: Material de pintura por importe de 250€

- 2º premio: Material de pintura por importe de 150€

- Premio mellor autor/a local: Premio non metálico que consistira en material de pintura de 13 a 17 anos, ambos inclusive:

- 1º premio: Material de pintura por importe de 300€

- 2º premio: Material de pintura por importe de 200€

- Premio mellor autor/a local: Premio non metálico que consistira en material de pintura.

O xurado asignará, ademais, dous accésits e distintos premios, con motivo de estimular a participación e calidade dos máis novos; estes premios serán non metálicos e consistirán en material de pintura.

Máis información no BOP da Coruña do 10 de febreiro de 2012 e na OMIX de Mugardos, teléfono 981 470 338.

XV Concurso de carteis da Festa do Polbo



Xoves, 16 Febreiro 2012 10:48

O Concello de Mugardos convoca o XV Concurso de carteis da Festa do Polbo.

1.- Poderán participar todas aquelas persoas, maiores de 16 anos, que o desexen.

2.- Cada participante poderá presentar un único orixinal, de tamaño DIN A3, sen límite de cores ou técnicas. No caso de que o cartel premiado resulte estar feito por ordenador, tendo que ser un deseño orixinal, terá que ser entregado o soporte informático correspondente.

O tema do cartel será: XXII FESTA DO POLBO.

Os carteis deberán presentar o debuxo e o seguinte texto:

XXII Festa do Polbo

Concello de Mugardos

Sábado, 14 de xullo de 2012

3.- O prazo de presentación será todo o mes de abril de 2012.

4.- Os traballos irán asinados con pseudónimo, acompañándose dun sobre pechado que estará pegado por detrás do cartel, que conterá fotocopia do documento de identidade e unha cuartilla cos datos completos do autor/a: nome e apelidos, idade, enderezo completo e teléfono.

5.- O premio consistirá en 500 € que se entregarán en metálico.

Máis información no BOP da Coruña do 10 de febreiro de 2012 e na OMIX de Mugardos, teléfono 981 470 338

VII Premio internacional de arte gráfico Jesús Núñez



Venres, 17 Febreiro 2012 08:38

A Deputación da Coruña convoca o VII Premio internacional de arte gráfica Jesús Núñez.

Poderán optar ao premio todas as persoas maiores de idade calquera que sexa a súa nacionalidade, que non obtivesen ningún premio nas cinco edicións anteriores, e que estean interesadas no campo da arte gráfica, con obras que non fosen presentadas anteriormente a ningún outro concurso ou certame.

- Premios:

Primeiro premio indivisible, dotado con 6.500 € e unha exposición na Fundación CIEC

Dous accesits consistentes cada un deles en bolsa de matrícula dun módulo do Máster de Obra Gráfica impartido pola Fundación CIEC. Cada artista poderá presentar un máximo dunha obra, en calquera das disciplinas das técnicas gráficas: gravado calcográfico, litografía, serigrafía, xilografía e as súas derivacións.

As obras presentaranse sen enmarcar e ao dorso deberá figurar o nome e apelidos do autor, así como o ano da súa realización.

As medidas do papel non excederán de 76 x 112 cm e o tamaño da mancha imprimida será, como mínimo, de 28 x28 cm.

O prazo de admisión de orixinais será do 1 ao 31 de marzo de 2012.

Máis información no BOP de Coruña do 17 de febreiro de 2012 e en: www.dicoruna.es

X Premio de creación fotográfica Luis Ksado



Venres, 17 Febreiro 2012 08:59

A Deputación da Coruña convoca o X Premio de creación fotográfica Luis Ksado

Poderán participar no concurso todas as persoas maiores de idade, que estean interesadas no campo da fotografía e que non fosen premiadas nas tres edicións anteriores do premio. Ademais, as obras coas que concorran non terán podido ser gañadoras de ningún premio en ningún outro concurso.

- Premio:

Establécese un premio único e indivisible, dotado coa cantidade de 6.500 €

As fotografías deberán compoñer unha serie dun mínimo de seis e un máximo de doce, en formato de 30 x 40 cm. As copias deberán entregarse sen ningún tipo de montaxe ou enmarcado, en cor ou


branco e negro e inscribiranse no campo do fotodocumentalismo, fotoxornalismo ou reportaxe en xeral.

Non se admitirán imaxes de montaxes, nin de manipulación dixital.

Deberá acreditarse por escrito a propiedade intelectual das imaxes presentadas.

O prazo de admisión de orixinais remata o día 31 de agosto de 2012.
Máis información no BOP de Coruña do 17 de febreiro de 2012 e en: www.dicoruna.es.

XVI Premio de poesía Miguel González Garcés



Venres, 17 Febreiro 2012 09:13

A Deputación da Coruña convoca o XVI Premio de poesía Miguel González Garcés. Poderán optar ao premio todos os autores de calquera nacionalidade, que non fosen premiados nas tres edicións anteriores, e que presenten obras inéditas e non premiadas con anterioridade, que estean escritas en lingua galega.

O premio está dotado coa cantidade de 6.500 €.

As obras que serán de tema libre, terán unha extensión non menor de trescentos versos.

O prazo de admisión de orixinais estará aberto ata o día 16 de abril de 2012.
Máis información no BOP de A Coruña do 17 de febreiro de 2012 e en: www.dicoruna.es.

IX Certame de artesanía Antonio Fraguas



Venres, 17 Febreiro 2012 10:14

A Deputación da Coruña convoca o IX Certame de artesanía Antonio Fraguas Fraguas. Poderán participar todos os artesáns, que traballen no campo da artesanía galega tradicional ou contemporánea, tanto a título particular como en agrupacións de varios autores, colectivos, asociacións, etcétera, e que non fosen premiados nas tres edicións anteriores a ésta.

Cada artesán ou colectivo poderá concorrer ao certame cun máximo de seis pezas, podendo ser considerados como unha peza os conxuntos que, estando formados por varias, constitúan unha

única unidade.

O certame consta das modalidades de artesanía tradicional e de artesanía contemporánea, e ten por obxecto, por unha banda, a concesión dun premio de 4.500 € para cada modalidade, e por outra, a adquisición de obra por un importe máximo de 15.000 €.
A temática e a técnica empregadas serán libres.

O prazo de admisión de solicitudes remata o día 31 de maio de 2012.
Máis información no BOP de A Coruña do 17 de febreiro de 2012 e en: www.dicoruna.es.

XXIV Premio de narrativa Torrente Ballester



Venres, 17 Febreiro 2012 10:47

A Deputación Provincial da Coruña, convoca o XXIV Premio de narrativa Torrente Ballester. Poderán optar ao premio todas aquelas persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, que non obtivesen o premio nas cinco edicións anteriores a esta, e que presenten obras inéditas e non premiadas con anterioridade, escritas en castelán ou en galego.
Outorgarase un premio dotado con 25.000 €.

A Deputación publicará a obra premiada, directamente ou a través doutra editorial, reservándose durante dezoito meses os dereitos de edición desta.
As obras serán de tema e extensión libres, podendo presentarse novelas, relatos e conxuntos de

relatos.

O prazo de admisión de orixinais estará aberto ata ou 2 de xullo de 2012.
Máis información no BOP da Coruña do 17 de febreiro de 2012 e en: www.dicoruna.es.

VIII Premio a artigos xornalísticos normalizadores-(Concello de Carballo)



Venres, 17 Febreiro 2012 11:47

O Concello de Carballo convoca o VIII Premio a artigos xornalísticos normalizadores co obxectivo de incentivar a reflexión sobre a situación social da lingua galega e promover o uso do galego na prensa escrita. O premio é de 1.000 euros, e o prazo de presentación é ata o 9 de abril. Presentándose no Rexistro Pazo da Cultura, 1º andar Rúa do Pan, s/n 15100 Carballo.

EMPREGO EMPREGO PUBLICO

Convocadas prazas de Axudantes de Arquivos, Bibliotecas e Museos na USC.

Martes, 14 Febreiro 2012 11:54

A Universidade da Coruña, convoca 15 prazas, (13 de axudantes de bibliotecas (7 por promoción interna e 6 por acceso libre) e 2 de axudante de arquivos (1 por promoción interna e 1 por acceso libre), todos polo sistema de concurso-oposición. As prazas non cubertas por promoción interna, sumaranse ás de acceso libre. Máis información BOE do 14 de febrero de 2012. DOGA do 30 de xaneiro de 2012.

Convocada 1 praza de Técnico Superior de Investigación, Difracción de Rayos X na USC.

Martes, 14 Febreiro 2012 11:56

A Universidade de Santiago, convoca 1 praza polo sistema de promoción interna e acceso libre, polo sistema de concurso-oposición. O prazo de presentación de solicitudes é de 20 días naturais, contados a partir da publicación no BOE. Máis información BOE do 10 de febreiro de 2012.

Xuíz de Paz titular do Concello de Burela

Mércores, 15 Febreiro 2012 08:52

O Concello de Burela fai unha convocatoria pública para cubrir a praza de xuíz de paz titular. Os requisitos para acceder á praza son ser español, maior de idade, non atoparse impedido física nin psiquicamente para o desenvolvemento da función xudicial, estar en posesión dos dereitos civís, non ter sido condenados por delito mentres non se obtivera a rehabilitación, nin procesado ou inculcado por delito doloso en tanto non sexa absolto ou se dite auto de sobresemento. Non se esixe, nin para titular nin para substituto, a licenciatura en Dereito nin coñecementos xurídicos específicos.

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o 3 de marzo de 2012.

Máis información no BOP de Lugo do 16 de febreiro de 2012

Persoal docente para a Universidade da Coruña

Xoves, 16 Febreiro 2012 08:12

A Universidade da Coruña convoca un concurso para a contratación laboral do seguinte persoal docente:
Profesor/a Axudante Doutor/a: Dereito Privado
Profesor/a Contradola Doutor/a: Socioloxía
Contratado/a Interino/a de Substitución: Dereito Público

- Requisitos:
- a) Profesor axudante doutor: Estar en posesión do título de doutor. Avaliación previa positiva da súa actividade por parte do órgano correspondente de avaliación externo.
 - b) Profesor contratado doutor: Estar en posesión do título de doutor. Avaliación previa positiva da súa actividade por parte do órgano correspondente de avaliación externo.
 - e) Profesor contratado interino de substitución: Estar en posesión do título de Licenciado, Arquitecto, Enxeñeiro ou Graduado

O prazo de presentación de solicitudes remata o día 28 de febreiro de 2012.
Máis información en: www.udc.es

Persoal docente para mestrados na Universidade da Coruña

Xoves, 16 Febreiro 2012 08:25

A Universidade da Coruña convoca un concurso para a contratación laboral de persoal docente para impartir docencia en mestrados oficiais:
Mestrado Universitario en Asesoramento Xurídico Empresarial

- Requisitos:
- Estar en posesión do título académico de Licenciado, Arquitecto. Enxeñeiro ou Diplomado Universitario. Arquitecto Técnico ou Enxeñeiro Técnico, ou Graduado.
- Profesor asociado: Ser especialista de recoñecida competencia na materia para que é contratado e acreditar o exercicio da súa actividade profesional fóra da universidade.

O prazo de presentación de solicitudes remata o día 28 de febreiro de 2012.
Máis información en: www.udc.es.

Traballador/a social para o Concello de Vilamartín de Valdeorras

Venres, 17 Febreiro 2012 11:03

O Concello de Vilamartín de Valdeorras fai unha convocatoria pública para a selección, en réxime de interinidade, dun/dunha traballador/a social mediante sistema de concurso-oposición e para a creación dunha bolsa.

- Requisitos:

Estar en posesión do título de diplomado universitario en Traballo Social.

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o 28 de febreiro de 2012.

Máis información no BOP de Ourense de 16 de febreiro de 2012

Condutor e peón para o Concello da Fonsagrada

Venres, 17 Febreiro 2012 11:44

O Concello da Fonsagrada fai unha convocatoria para a contratación temporal dun condutor e un peón para o servizo de mantemento de vías municipais.

Tipo e duración do contrato: Contrato de duración determinada por obra ou servizo. Duración un ano.

Sistema selectivo: Concurso de méritos e proba práctica.

Lugar e prazo de presentación das solicitudes: No rexistro do Concello da Fonsagrada antes do 27 de febreiro de 2012.

Máis información no BOP de Lugo de 17 de febreiro de 2012 e na OMIX da Fonsagrada, teléfono 982 340 000

Xuíz de Paz titular do Concello de Ourel

Venres, 17 Febreiro 2012 11:49

O Concello de Ourel fai unha convocatoria pública para cubrir a praza de xuíz de paz titular.

Os requisitos para acceder á praza son ser español, maior de idade, non atoparse impedido física nin psiquicamente para o desenvolvemento da función xudicial, estar en posesión dos dereitos civís, non ter sido condenados por delito mentres non se obtivera a rehabilitación, nin procesado ou inculcado por delito doloso en tanto non sexa absolto ou se dite auto de sobresemento.

Non se esixe, nin para titular nin para substituto, a licenciatura en Dereito nin coñecementos xurídicos específicos.

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o 1 de marzo de 2012.

Máis información no BOP de Lugo do 16 de febreiro de 2012 e na OMIX de Ourel, teléfono 982 559 032

Convocada ampliación prazo de convocatoria para Secretarios Xudiciais.

Venres, 17 Febreiro 2012 11:53

O Ministerio de Xustiza convoca 148 prazas de secretarios xudiciais, 74 polo sistema de acceso libre polo sistema de oposición e 74 polo sistema de promoción interna polo sistema de concurso-oposición; as prazas que non se cubran por promoción interna, pasarán a acceso libre.

O prazo de presentación de solicitudes é de 10 días hábiles, contados a partir da publicación no BOE. Máis información BOE do 16 de febreiro de 2012.

Convocada 1 praza de médico-responsable de Servizo no Concello de Porriño (Pontevedra).

Venres, 17 Febreiro 2012 11:55

O Concello de Porriño, convoca 1 praza de médico como persoal laboral fixo adscrita á unidade asistencial de drogodependencias do Concello, polo sistema de oposición.

O prazo de presentación de solicitudes é de 20 días naturais, contados a partir da publicación no BOE.

Máis información BOE do 17 de febreiro de 2012.

Convocadas prazas de bombeiro-condutor.

Venres, 17 Febreiro 2012 11:58

O Concello de Loja (Granada), convoca 4 prazas de bombeiro-condutor, polo sistema de concurso-oposición. O prazo de presentación de solicitudes é de 20 días naturais contados a partir da publicación no BOE.

Máis información BOE do 17 de febreiro de 2012.

Convocada 1 praza de Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos na UDC.

Venres, 17 Febreiro 2012 11:59

A Universidade da Coruña, convoca 1 praza temporal (33 meses), como colaborador en tarefas do proxecto de investigación de comparación tecnolóxica, económica e de captación de usuarios en sistema de transporte metropolitano de capacidade intermedia. O prazo de presentación de solicitudes é ata o 29 de febreiro de 2012.

Máis información: www.udc.es.

Convocada 1 praza de Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos na UDC.

Venres, 17 Febreiro 2012 11:59

A Universidade da Coruña, convoca 1 praza temporal (33 meses), como colaborador en tarefas do proxecto de investigación de comparación tecnolóxica, económica e de captación de usuarios en sistema de transporte metropolitano de capacidade intermedia.

O prazo de presentación de solicitudes é ata o 29 de febreiro de 2012.
Máis información: www.udc.es.

Convocada 1 praza temporal para enxeñeiro informático na UDC.

Venres, 17 Febreiro 2012 12:01

A Universidade da Coruña, convoca 1 praza temporal (3 meses) para realizar tarefas de investigación e desenvolvemento en análise e integración de datos biomédicos.

O prazo de presentación de solicitudes é ata o 23 de febreiro de 2012.
Máis información: www.udc.es.

Convocadas prazas de primeiro , segundo oficial de ponte, mariñeiro e axudante de cociña.

Luns, 20 Febreiro 2012 08:45

O Ministerio de Economía e Competitividade, convoca 1 praza de oficial de ponte, 1 de segundo oficial, 1 de segundo oficial de máquinas, 2 de mariñeiro, 1 de axudante de cociña e 1 de engrasador como persoal laboral fixo da administración do estado.

O prazo de presentación de solicitudes é de 20 días naturais, contados a partir da publicación no BOE.
Máis información BOE do 20 de febreiro de 2012.

Convocadas prazas de policía local.

Luns, 20 Febreiro 2012 08:46

O Concello da Publa del Río (Sevilla), convoca 4 prazas de policía local, polo sistema de oposición.

O prazo de presentación de solicitudes é de 20 días naturais, contados a partir da publicación no BOE.
Máis información BOE do 20 de febreiro de 2012.

Convocada bolsa de emprego de axentes contractuais nos ámbitos da acreditación e a seguridade interna

Luns, 20 Febreiro 2012 08:48

A Unión Europea, convoca bolsa de emprego de axentes contractuais (grupos de funcións II y III). O prazo de presentación de solicitudes é ata o 19 de marzo de 2012. Máis información Diario Oficial da Unión Europea do 17 de febreiro de 2012.

Convocadas prazas de Inspector de entidades de crédito.

Luns, 20 Febreiro 2012 08:49

O Banco de España, convoca 10 prazas de Inspector de Entidades de Crédito, polo sistema de concurso-oposición. O prazo de presentación de solicitudes é ata o 30 de marzo de 2012.
Máis información na web do organismo. Publicado o 12 de febreiro de 2012.

Convocadas prazas de profesores.

Luns, 20 Febreiro 2012 08:54

O Departamento de Educación do Goberno Vasco, convoca 328 prazas de profesores de ensinanza obrigatoria, 161 de profesores de educación infantil, primaria e 36 de formación profesional, polo sistema de concurso-oposición.

O prazo de presentación de solicitudes é ata o 6 de marzo de 2012.
Máis información BOPV do 15 de febreiro de 2012.

EMPREGO EMPREGO PUBLICO

Camareiro/a Ponte Caldelas (Pontevedra)

Martes, 14 Febreiro 2012 09:53

A Federación Provincial de empresarios de Hostelería de Pontevedra necesita incorporar un camareiro/a para xestionar a sala dun restaurante residencia dos arredores de Vigo.

Se require:

- estudos de FP 1 ou Ciclo de Grado Medio, especialidade de hostelería e turismo, cociña.
- experiencia de dous anos. -
- se valorará formación.

Se ofrece:

- xornada completa en horario partido.

Federación Provincial de empresarios de hostelería de Pontevedra, Avda. García Borbón, 90, 1º D. 36201 Vigo (Pontevedra).
Tfno: 986 432 400, www.feprohos.org.

Encuestadores/as

Martes, 14 Febreiro 2012 09:52

TELKER empresa de investigación de mercados e marketing estratéxico necesita incorporar 4 encuestadores/as persoais para a realización dun estudo de opinión. Buscamos persoal en distintas poblaciós: Abegondo, Carnota, Betanzos, Rianxo, Arteixo, Oleiros,...

Se require:

- estudos de bacharelato.
- experiencia mínima.

Se ofrece:

Xornada completa en horario partido.

TELKER telemarketing SL, rúa Castaños, 6 -U 3 A, Bilbao. 48007 Tfno: 94 944 13 21

Inspector de campo

Martes, 14 Febreiro 2012 09:51

Agrolácteos Galicia SLU, empresa do sector lacteo, dedicada ó comercio o por maior de leite cruda. Función principal de inspector de campo (visitar explotacións gandeiras co fin de atender os nosos provedores). Centro de traballo Betanzos (A Coruña).

Se require:

- estudos de bacharelato.
- non se require experiencia mínima.
- carné de condución B. -se valorará coñecementos no sector gandeiro, veterinaria.

Se ofrece:

- soldo máis comisións, en función do traballo realizado.
- coche de empresa.
- xornada parcial en horario continuado.

Agrolacteos de Galicia, rúa Xeneral Caridad Pita, 37, 4º esqd. A Coruña. Tfno: 981 77 18 18

Coordinadores/ás para campus do Real Madrid en verán

Martes, 14 Febreiro 2012 09:17

6 -8 prazas de coordinadores para encargarse do bo funcionamento do seu campus.

- Requisitos principais:

Experiencia como coordinador (formador, animador, dinamizador) e capacidade de coordinación traballadores en campamentos e campus infantís e xuvenís, en actividades de ocio e tempo libre, etc.

- Características do posto de traballo

- Lugar do posto de traballo: Madrid
- Necesidade de desprazamentos dentro da Comunidade de Madrid
- Período de traballo: Mes de Xullo, máis períodos de formación.
- Xornada Dedicación Completa (incluído fins de semana durante o mes de xullo, nos campus internos).

- Outros requisitos a valorar:

- Titulación oficial nos ámbitos relacionados co proxecto (pedagogía, coordinador de actividades de ocio e tempo libre, etc.).
- Experiencia na realización de actividades formativas e de educación en valores.
- Coñecemento de idiomas - Inglés

Data límite presentación CV: 20 de Febreiro 2012

Dirección de envío dos CV: info@campusexperience.es.

Administrativo/a Porriño

Martes, 14 Febreiro 2012 09:50

Comercial ENOC SL primer distribuidor independente de maquinaria vending no territorio nacional. Con funcións de elaboración de albaráns e facturas, control de stocks, atención telefónica e informes varios.

Se require:

- estudos de FP I ou Ciclo de Grado Medio, espec. de administración.
- experiencia mínima de máis de cinco anos.
- don de xentes e boa presenza.
- se valorará experiencia demostrable en posto semellante.
- referencias e residencia no concello do posto de traballo.

Se ofrece:

- salario entre 6000 ata 9000 euros ano.
- xornada de traballo parcial.
- horario continuado. www.olevending.es

Ofertas do Servizo de Emprego Público do 16/02/2012

Venres, 17 Febreiro 2012 08:20

Traballadores sociais (asistentes sociais)

- Localidade: Rios (Ourense)

nº oferta: 12/2011/12094

- requisitos

traballadores sociais. diplomados/as en traballo social.

Profesores da área de matemáticas (ensino secundario)

-Localidade: Coruña, A

nº oferta: 12/2012/857

- requisitos

necesítanse profesores da área de matemáticas (ensino secundario. licenciados/as en matemáticas . nivel alto de inglés. permiso de conducir.

Mestres de educación especial, en xeral

- Localidade: Coruña, A

nº oferta: 12/2012/861

- requisitos

necesítanse mestres de educación especial. nivel alto de inglés. permiso de conducir.

Vendedores técnicos, en xeral

- Localidade: Ourense

nº oferta: 12/2012/894

- requisitos

necesítanse vendedores técnicos.

Empregados/as administrativos, en xeral

- Localidade: Coruña, A

nº oferta: 12/2012/900

- requisitos

necesítanse empregados/as administrativos. permiso de conducir.

Técnicos/as en seguros

- Localidade: Verin (Ourense)

nº oferta: 12/2012/906

- requisitos

necesítanse técnicos/as en seguros.

Administradores de sistemas de redes

- localidade: Vigo (Pontevedra)

nº oferta: 12/2012/923

- requisitos

necesítanse administradores de sistemas de redes. nivel medio de francés. experiencia mínima de dous anos.

Farmacéuticos/as, en xeral

- Localidade: Vila de Cruces (Pontevedra)
nº oferta: 12/2012/957
- requisitos
necesítanse licenciados/as en farmacia.

Cociñeiros/as, en xeral

- Localidade: Ourense
nº oferta: 12/2012/960
- requisitos
axudante de cociña mexicana con doce meses de experiencia.

Operadores de máquinas para o acabado de produtos téxtiles

- Localidade: Pereiro de Aguiar, o (Ourense)
nº oferta: 12/2012/971
-requisitos
auxiliar de produción (corte-bolsos-sostura ou almacén)
necesario ter certificado de minusvalía superior ao 33% que non impida movementos de cargas lixeiras e bipedestación prolongada.

Profesores da área de linguas estranxeiras (ensino secundario)

- Localidade: Narón (A Coruña)
nº oferta: 12/2012/1032
- requisitos
necesítase profesor/a de inglés.

Axentes comerciais

- Localidade: Vigo (Pontevedra)
nº oferta: 12/2012/1034
- requisitos
comercial produtos seguros de vida, plans de aforro, fondos e depósitos.
Mais Información: Teléfono: 902 125 000

Auxiliar administrativa

Venres, 17 Febreiro 2012 08:52

Bilingüe en portugués.
Teléfono: 881.912.474.
La Voz de Galicia, xoves 16 febreiro 2012.

Camareira para Cafetaria en Matogrande

Venres, 17 Febreiro 2012 08:53

Con experiencia.
Interesados entragar c.v en café degustación Matogrande, xoves, venres, luns e martes entre as 19:00 horas e as 21horas.
La Voz de Galicia, xoves 16 febreiro 2012.

Vendedor/a para tenda de mobles e decoración

Venres, 17 Febreiro 2012 08:55

Con experiencia.
Teléfono: 981.626.456.
La Voz de Galicia, xoves 16 febreiro 2012.

Cociñeiro/a ou axudante de cociña

Venres, 17 Febreiro 2012 08:56

Para restaurante en Teixeiro.
Teléfono: 620.699.303.
La Voz de Galicia, xoves 16 febreiro 2012.

2º cociñeira para restaurante na Coruña

Venres, 17 Febreiro 2012 08:56

Idade: de 25 a 45 anos.

Posto estable.
Experiencia en posto similar.
Enviar c.v con fotografía recente a: restauracion.select@gmail.com
La Voz de Galicia, xoves 16 febreiro 2012.

Persoa para traballar en carpintaría de aluminio

Venres, 17 Febreiro 2012 08:57

Mínimo oficial 2º
Teléfono: 981.140.229.
LaVoz de Galicia, xoves 16 febreiro 2012.

Panadeiro con experiencia Arteixo

Venres, 17 Febreiro 2012 08:58

Con experiencia. Chamín, Arteixo
Teléfono: 676.770.195; (chamar de 8 a 16 horas).
La Voz de Galicia, xoves 16 febreiro 2012.

Comercial autónomo

Venres, 17 Febreiro 2012 09:09

Empresa do sector do metal especializada en envoltentes para a protección de aparatos de automatización ou control, e mobiliario de aceiro.
Con vehículo propio e experiencia en vendas.
Zona de Galicia e norte de Portugal.

Interesados enviar c.v a: comercial@deprometal.com.
Faro de Vigo, xoves 16 febreiro de 2012.

Asesor/a comercial Vigo

Venres, 17 Febreiro 2012 09:09

Empresa de formación
Imprescindible experiencia en venda directa: editorial, seguros, cursos etc.
Enviar c.v a: rrhh@grupoforbe.com.
Faro de Vigo, xoves 16 febreiro de 2012.

Axudante de camareiro con coñecementos de prancha

Venres, 17 Febreiro 2012 09:10

Restaurante Fell food
Deixar c.v en: Centro comercial praza elíptica, 2 planta.
Faro de Vigo, xoves 16 febreiro de 2012.

Repartición a domicilio circulo de lectores

Venres, 17 Febreiro 2012 09:11

Zonas: Arcade, Vigo, Pontevedra e Morrazo.
Ingresos estables e garantidos.
Imprescindible residencia na zona.
Teléfono: 986.483.250.
Faro de Vigo, xoves 16 febreiro de 2012.

Chica axudante de cociña

Venres, 17 Febreiro 2012 12:02

En Santiago, precísase chica como axudante de cociña con experiencia en restaurante de carta.
Tlf: 639890884 El Correo Gallego.

Encargados perruquerías.

Venres, 17 Febreiro 2012 12:03

Karymo Perruqueros, selecciona encargados para perruquería.
Tlf. 620967542. El Correo Gallego.

Precisase interna

Venres, 17 Febreiro 2012 12:04
Con experiencia, informes, papeis. 675499512 xoves ou sábado. El Correo Gallego.

Precisase axudante de cociña.

Venres, 17 Febreiro 2012 12:07

Para Tapería Castelao en Santiago.
Entregar currículum Rúa Nova de Abaixo, 7. El Correo Gallego.

Precisase camareira Lugo.

Venres, 17 Febreiro 2012 12:08

Media xornada. Información en Concepción Arenal, 34 (a partir 3h tarde). El Progreso.

Camareira mesón en Lugo.

Venres, 17 Febreiro 2012 12:10

Mesón parrillada O pozo de meira, precisa camareira.
tlf: 620239215 (chamar de 16 a 17 horas). El progreso.

Camareira quenda de tarde Coruña

Venres, 17 Febreiro 2012 12:11

Deloren café en matogrande selecciona camareira en quenda de tarde.
Entregar c.v persoalmente luns 19 de 19,30 a 21 horas.
A Voz de Galicia, venres 17 de febreiro de 2012.

Auxiliar ou hixienista para clínica dental

Venres, 17 Febreiro 2012 12:12

Coruña.
Teléfono: 627.169.472.
La Voz de Galicia, venres 17 de febreiro de 2012.

Precisase empregados granxas.

Venres, 17 Febreiro 2012 12:12

Granxa de 30 vacas (608213954) . Chico para gandería (669941177, 650 373539). El progreso.

Parrillero O Burgo

Venres, 17 Febreiro 2012 12:12

Urxente.
Teléfono: 673.654.829.
La Voz de Galicia, venres 17 de febreiro de 2012.

Perruqueiro para Santa Cruz

Venres, 17 Febreiro 2012 12:13

Con experiencia.
Teléfono: 981.615.000.
La Voz de Galicia, venres 17 de febreiro de 2012.

Aprendiz de carnizaría

Venres, 17 Febreiro 2012 12:14

Rapaza de 20 a 25 anos
Graduado
Teléfono: 666.123.209.
La Voz de Galicia, venres 17 de febreiro de 2012.

Perruqueiro con experiencia

Venres, 17 Febreiro 2012 12:15

Peiteado masculino con renome
Enviar c.v a: peluqueria@galimail.com.
Total confidencialidade.
Faro de Vigo, venres 17 febreiro de 2012.

Persoa para lavandaria interna

Venres, 17 Febreiro 2012 12:15

Persoa responsable, imprescindible ter experiencia no sector.
Interesados enviar c.v a: oficinacentral347@hotmail.com.
Tamén se pode entregar en rúa Venezuela, 17 baixo.
Faro de Vigo, venres 17 de febreiro de 2012.

Auxiliar administrativo

Luns, 20 Febreiro 2012 08:31

Para empresa de colectividade e catering
Enviar c.v con foto a avda de Vigo 190.
36320 Chapela. Redondela.
Ref: administrativo.
Faro de Vigo, sábado 18 de febreiro de 2012.

Camareiros para Chapela Redondela

Luns, 20 Febreiro 2012 08:32

Xornada completa e media xornada.
Experiencia demostrable.
Enviar c.v con foto á avda de Vigo 190.
36320 Chapela. Redondela.
Ref: camareiro.
Faro de Vigo, sábado 18 de febreiro de 2012.

Comercial Iberdrola

Luns, 20 Febreiro 2012 08:33

Para Vigo, Pontevedra e Zona Arousa.
Teléfono: 986.185.420/673.628.846.
Faro de Vigo, sábado 18 de febreiro de 2012.

Perruqueira zona Noalla e Sanxenxo

Luns, 20 Febreiro 2012 08:33

Teléfono: 607.900.696.
Faro de Vigo, sábado 18 de febreiro de 2012.

Cociñeira e axudante de cociña

Luns, 20 Febreiro 2012 08:35

Con experiencia.
Rúa a Franxa, 19-21, ocalexo@hotmail.com.
La Voz de Galicia, sábado 18 de febreiro de 2012.

Asesor/a inmobiliario financeiro

Luns, 20 Febreiro 2012 08:35

Con experiencia.
Para oficina en Coruña.
Enviar c.v a: esinfi@esinfi.es.
La Voz de Galicia, sábado 18 de febreiro de 2012.

Dous comerciais Coruña

Luns, 20 Febreiro 2012 08:36

Preferiblemente autónomos.

Teléfono: 619.187.696.
La Voz de Galicia, sábado 18 de febreiro de 2012.

Profesor/a Programación

Luns, 20 Febreiro 2012 08:37

Se necesita profesor/a programación.
Coñecementos Java e/ou. Net.
Se valorará experiencia en formación.
Condicións a convenir.
Solicitude, información e envío curriculum 981 140 913.
admincoruna@pcarrier.com
La Voz de Galicia do domingo 19 de febreiro de 2012.

Perruqueira para parque Vioño

Luns, 20 Febreiro 2012 08:37

Con experiencia
Xornada completa.
Teléfono: 635.409.601.
La Voz de Galicia, sábado 18 de febreiro de 2012

Distribuidores/as.

Luns, 20 Febreiro 2012 09:26

Empresa multinivel, busca distribuidores/as. Tlfn: 615174071. El Correo Gallego

Montadores de bisutería.

Luns, 20 Febreiro 2012 09:27

Búscanse montadores de bisutería e peluches, para traballar en casa.
Tlf: 619184747. El Correo Gallego.

Traballo televenta Lugo.

Luns, 20 Febreiro 2012 09:28

Precísase señoras traballo televenta, en despacho. Mañáns. Tlf: 981 139714. El Progreso

Muller para traballar en granxa.

Luns, 20 Febreiro 2012 09:28

Precísase muller para traballar en granxa de vacún de leite, zona de Meira.
Interesados enviar c.v. a: solipleo@yahoo.es

NOVAS DAS CASAS DE XUVENTUDE E OMIX

ENTROIDO 2012



Mércores, 15 Febreiro 2012 09:03

Entroido 2012
Sábado 18 de febreiro

Festa de disfraces infantís
Ás 17:00 h. concentración no campo da feira e desfile ata o pavillón municipal, donde terá lugar unha gran festa infatíl con xogos, animación e música.

“premiaranse aos mellores disfraces conforme ás diferentes modalidades: individuais, parellas e grupos (mín. 6 participantes)”.recoller as bases no concello.

Festa de disfraces de adultos
Ás 19:30 h. concentración no campo da feira e desfile ata o pavillón municipal, donde terá lugar unha gran festa de entroido a cargo do “trio caoba” “os nenos poderán participar no desfile pero non no concurso”.
¡¡¡saída obrigatoria do campo da feira para participar no concurso. o desfile farase ao inicio da festa.!!!
“premiaranse aos mellores disfraces conforme ás diferentes modalidades: individuais, parellas e grupos (mín. 6 participantes)”. recoller

As bases do concurso no concello. O xurado poderá declarar deserto calquera dos premios. Todos os concursos faranse no pavillón municipal de deportes. A entrada é de balde.

Festival disfraces Purgatorio Musical en Ribadavia



Xoves, 16 Febreiro 2012 16:33

Festival disfraces Purgatorio Musical o sábado de Piñata no Pub Berlín en Ribadavia organizado pola asociación Arteficial

25 de FEBREIRO a partir sa 23:00 h

ENTRADA GRATUITA

PREMIOS GRUPAIS E INDIVIDUAIS ao mellor disfraz

www.festivalarteficial.org

CURSO INMERSIÓN EN INGLÉS (ENOTURISMO)

Xoves, 16 Febreiro 2012 18:57

CURSO INMERSIÓN EN INGLÉS (ENOTURISMO)

Curso de Extensión Universitaria

-Lugar: Hotel Turismo Rural Casal de Arman, Santo Andre de Camporredondo, Ribadavia (Ourense).

-Fechas: 9-11 de marzo de 2012

- Nº de horas: 20 horas, solicitados 2 créditos de libre elección para alumnado de la UNED y 1 crédito de libre elección para alumnado de la Universidad de Vigo.

- Plazas: 20

- Destinatarios: Titulados universitarios, estudiantes e interesados en general.

- Objetivos: Aproximación al mundo del vino utilizando el inglés como vía de comunicación.

Profundización en la terminología especializada en cada una de las fases.

Comprensión y expresión de cualquier contenido relacionado con el vino en inglés.

Promoción del mundo del vino fundamentalmente desde el punto de vista turístico.

- Más información: www.omixribadavia.net - cursos@ourense.uned.es - <http://www.uned.es/ca-ourense>



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR
Dirección Xeral de
Xuventude e Voluntariado



xuventude.net